

MODIFICACIÓN DA CONVOCATORIA DE PROBA PARA A AMPLIACIÓN DE LISTAXES DE CONTRATACIÓN NA CATEGORÍA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN NA CORPORACIÓN DE SERVIZOS AUDIOVISUAIS DE GALICIA S.A.

O día 24 de setembro do 2025 publicouse unha resolución do Director do Departamento de Xestión das Persoas pola que se procedía á ampliación das listaxes de contratación temporal de técnico/a de administración.

Vista a resolución publicada, en atención ás necesidades a cubrir e en concordancia con outros procesos de selección publicados para a categoría, resulta necesario facer as seguintes modificacións:

- Na base 1 relativa ao obxecto onde di "*selección dunha (1) persoa*" debe dicir "*selección de tres (3) persoas*".
- Na base 4.2 relativa á titulación onde di "Ciclo formativo de grao superior en Administración e finanzas ou equivalente" debe dicir "Bacharelato, formación profesional de grao superior ou equivalentes".
- Queda eliminada da base 6.5 toda mención relativa á limitación do número de expedientes.

O resto da convocatoria mantén a súa vixencia tal e como se publicou.

En atención ás anteriores modificacións amplíase o prazo de **presentación de solicitudes ata o día 3 de outubro**, as solicitudes xa presentadas manteñen a súa vixencia.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2025



CORPORACIÓN
DE SERVIZOS
AUDIOVISUAIS
DE GALICIA

Departamento de
Xestión das Persoas

Víctor Tubío Villar

Director do Departamento de Xestión das Persoas
Corporación de Servizos Audiovisuais de Galicia, S. A.